

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMARIÑAS

Expediente de modificación orzamentaria 11/2024 mediante crédito extraordinario 1/2024

EXPTE: 2024/T002/000011

ANUNCIO

Aprobación definitiva de modificación de créditos núm. 11-2024 mediante crédito extraordinario 1/2024.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de maio de 2024, aprobou inicialmente a modificación de créditos núm. 10/2024 sobre o Orzamento do Concello de Camariñas correspondente ao exercicio 2024, de aprobación dun Crédito Extraordinario (Expte. CE 1/2024), por un importe total de 169.588,39 €.

Segundo o previsto nos artigos 169 e 177.2 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este acordo inicial someteuse a exposición pública, a efectos de reclamacións e suxerencias perante o Pleno, por un prazo de quince días hábiles a contar dende a data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia

(BOP número 109 de data 6 de xuño de 2024). De conformidade co previsto no artigo 169.4 do RDL 2/2004, finalizado ese prazo de quince días, sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias, publícase o resumo por capítulos aos efectos da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

GASTOS		CRÉD. DEFINITIVO
Capítulo 1	Gastos de persoal	1.877.866,06
Capítulo 2	Bens correntes e servizos	2.638.957,80
Capítulo 3	Gastos financeiros	50.730,31
Capítulo 4	Transferencias correntes	123.285,29
Capítulo 6	Investimentos reais	522.754,76
Capítulo 7	Transferencias de capital	1.000,00
Capítulo 8	Activos financeiros	
Capítulo 9	Pasivos financeiros	241.472,75
TOTAL		5.456.066,97

INGRESOS		PREV. DEFINITIVAS
Capítulo 1	Impostos directos	1.605.000,00
Capítulo 2	Impostos indirectos	65.000,00
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	1.008.922,86
Capítulo 4	Transferencias correntes	2.534.164,24
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	
Capítulo 6	Alleamento de inversións reais	
Capítulo 7	Transferencias de capital	359.534,71
Capítulo 8	Activos financeiros	380.821,65
Capítulo 9	Pasivos financeiros	
TOTAL		5.953.443,46

En Camariñas, 01 de xullo de 2024

A Alcaldesa,

Sandra Insua Rial